

Oleiros contará con Escola Municipal de Golf gratuíta para nenas e nenos

Próximo inicio da última fase do campo de fútbol de Mera

Páxina 5



Concello de  Oleiros

Novo parque público natural en Xaz, de 180.000 metros

Páxina 6

Vivir en Oleiros

Número 69
Xuño 2021
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Julia Benedetti clasificouse para a olimpiada en monopatín



Reforma total da avenida de Santa Cristina

Páxina 9

Conseguida a unidade de saúde mental para o municipio

Páxina 14

Unha veciña de Dorneda aos Xogos Olímpicos de Toquio

■ Con tan só 16 anos de idade, Julia Benedetti conseguiu clasificarse para os Xogos Olímpicos que se celebran este verán na capital de Xapón. As súas extraordinarias actuacións nas competicións internacionais clasificatorias permitiulle ganar unha praza para competir nas olimpíadas xunto aos mellores deportistas de todo o mundo. Esta veciña de Dorneda será a primeira muller en representar a España na modalidade de monopatín.

Páxina 16

Autónomos e microempresas de Oleiros reciben 541.500 euros para paliar os efectos da pandemia

O Concello concedeu un total de 269 subvencións a aqueles autónomos e empresas de menos de 10 persoas traballadoras que tiveron graves problemas como consecuencia das restricións sanitarias establecidas para frear a pandemia. As contías van desde os 1.500 ata os 3.000 euros, en base ao número de persoal afectado e as perdas económicas xustificadas.

Páxinas 12 e 13

Festival Rúa Ext-cénica, do 16 ao 18 de xullo

Páxina 21

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Responsabilidade e traballo

Levamos meses de moito sufrimento. A pandemia castigou a nosa saúde, arrebatounos a amigos e familiares para sempre, causou estragos económicos en moitas familias e illounos socialmente, impedíndonos ver nos, abrazarnos e relacionarnos con normalidade.

Como non podía ser doutra maneira, a resposta do Goberno municipal ante esta dramática situación foi inmediata. Con responsabilidade e con moito esforzo, dentro das competencias que nos atribúen as leis, loitamos contra o bicho con todo o noso ímpeto, procurando reducir ao máximo posible o inevitable impacto sanitario, social e económico. A nosa prioridade foi e segue a ser estar ao lado das

persoas que máis sofren. Un traballo silencioso, do que non facemos folclore por respecto a todas as persoas ás que axudamos, pero do que nos sentimos profundamente orgullosos.

Fronte aos agoireiros, nós miramos cara ao futuro repletos de optimismo. Os datos sanitarios e o ritmo de vacinación así o indican. Ilusión, forza e ganas de continuar traballando sóbranos e aspiramos a que a recuperación en Oleiros sexa o máis rápida posible. Estamos convencidos de que as olas, os bozos e as capacidades van quedar atrás definitivamente para, por fin, recuperar as nosas vidas.

Ademais de manter a pleno rendemento a maquinaria do Con-

cello en todo momento, a medida que a eliminación de restricións nolo permiten, estamos a recuperar e reinventar todas as actividades sociais, culturais e deportivas. Entendemos que esa é a mellor maneira de contribuír á recuperación económica e social. Nós seguimos apostando pola convivencia.

Nesa liña tamén estamos a traballar na Deputación e, entre outras cousas, conseguimos que se aprobase por unanimidade unha iniciativa nosa para facilitar ás comisións de toda Galicia a realización de festas e romarías. Non podemos permitirmos perder unha parte esencial da nosa historia e da nosa que nos identifica como pobo, da que ademais viven milleiros de familias.

Nós imos predicar co exemplo e agardamos poder celebrar a nosa romaría o vindeiro sábado 31 de xullo na Finca Tenreiro. Consideramos que ese gran parque público de San Pedro de Nós, de máis de 30.000 metros cadrados, é un escenario magnífico e suficientemente amplo para volver a reunirmos e pasar un día agradable de convivencia con total seguridade. Como sempre será unha festa aberta a todas aquelas persoas que teñan ganas de pasalo ben en compañía de amigos e amigas. Nos próximos días informaremos con máis detalles. En calquera caso, agardámosvos a todos e todas o 31 de xullo na Finca Tenreiro.



Partido Popular de Oleiros

Se o alcalde de Oleiros quere apoiar a hostalería, pode contar con nós.

Fai un mes, na Deputación, votaba en contra de renovar a axuda ao sector e desprezaba aos hostaleiros.

Pero non se ruborizou o pasado martes, 25 de maio, ao convocar unha manifestación no seu apoio pedindo o levantamento das restricións que xa se sabía que iban a ser levantadas.

A manipulación da opinión pública, as mentiras e a falta de empatía cos sectores e actividades máis afectadas foron constantes ao longo da pandemia. Se quere axudar aos afectados, comence por

suprimir todo o aparello de propaganda do Concello, comezando por este folleto sobre Vivir en Oleiros e destina os 500.000€ que custa todo o tinglado de axitación e propaganda aos afectados.



Grupo Municipal Socialista

Ante o desprezo do alcalde, esiximos unha solución para o Seixo

O total desprezo, deixadez e negligencia coa que o alcalde tratou o grave problema que supoñen os desprendementos que dende fai máis dun ano se veñen producindo na zona de O Seixo, pon de manifesto unha vez máis a súa total incompetencia, indolencia e falta de

empatía para solucionar os problemas dos cidadáns de Oleiros.

Así, tras requirir ao alcalde en máis de catro ocasións, a través de mocións, rogos e preguntas ao respecto nos Plenos Municipais, este decidiu poñerse de perfil, facer caso omiso ás preocupacións dos

veciños afectados e botar á culpa, como sempre, ós demais, faltando gravemente ás súas obrigacións e desviando á atención a outros organismos que xa manifestaron por escrito a súa ausencia de responsabilidade no asunto.

É por isto que, unha vez máis, esixi-

mos ao alcalde que asuma as responsabilidades e competencias que lle corresponden, e que coa máxima urxencia e sen mais dilacións inxustificadas, proceda á execución dos traballos que garantan a integridade física dos nosos veciños e o noso territorio.



Bloque Nacionalista Galego

En relación co que se está a escoitar e ler nas últimas semanas en relación coa nova división no Consorcio das Mariñas, consideramos que é preciso explicar as consecuencias, os incrementos que previsiblemente poidan producirse nas taxas que se viñan cobrando, así como os motivos desta disgregación e que modelo alternativo se ofrece. O BNG sempre apostou pola creación dunha área metropolitana para a Coruña e comarca, rexeitamos solucións provisionais e moito menos apoiaremos a atomización buscando solucións individuais ou en forma de "microconsorcios".

Resulta inaprazábel que A Coruña se implique exercendo o seu liderado no proceso de integración comarcal e tamén a Xunta de Galicia debe exercer as competencias plenas na ordenación territorial do país, avanzando na tan prometida comarcalización e na creación da Área Metropolitana coruñesa.

O BNG reclama a organización urxente dunha asemblea pública e do Consorcio As Mariñas na que se expliquen os motivos que levaron á súa fragmentación, as súas consecuencias e a adopción das medidas para garantir a prestación dos servizos consorciados sen reducir a súa calidade nin aumentar o seu importe."



Ciudadanos

No ecuador da lexislatura con RCC

Transcorridos dous anos dende as eleccións municipais de 2019, dende Ciudadanos traballaremos para que no resto da lexislatura, o RESPECTO, a COLABORACIÓN e o

CONSENSO entre todos os grupos políticos representados no Concello, sexan as señas de identidade da Corporación en beneficio de todos os cidadáns de Oleiros.

EDITORIAL**• Voltas e viravoltas para ir a ningures**

◆ Días pasados saltaron de maneira case consecutiva as noticias de que os concellos de Culleredo e Cambre abandonaban o Consorcio das Mariñas, organismo que agrupa os concellos de Betanzos, Bergondo, Sada, Carral, Abegondo, Culleredo, Cambre e Oleiros e a través do cal se prestan os servizos de recollida de lixo e lacería. Ata o ano 2018 tamén participaba Arteixo, pero marchou, co argumento de mellorar o servizo e abaratalo. Tres anos despois, a zona rural de Arteixo conta cun peor servizo que antes e o Concello ten que achegar 800.000 euros anuais de fondos propios, a maiores das cotas que pagan os veciños e veciñas, para facer fronte ao déficit económico que lle provoca asumir a recollida de lixo en solitario.

A campaña mediática dos alcaldes de Culleredo e Cambre amparábase en críticas ao servizo existente e en culpabilizar implicitamente a Oleiros da paralización e falta de xestión do Consorcio. Escasa memoria a destes alcaldes que non lembran que foi precisamente Oleiros quen denunciou o incumprimento do contrato da empresa de lixo e quen demandou dúas auditorías para mellorar a xestión do Consorcio: unha do servizo de recollida de lixo e outra da situación económica e das contas do organismo. O resultado desta última veu a constatar as graves irregularidades existentes, que abocaron á presentación dunha denuncia xudicial.

Ademais destes dous concellos, o trío que intentou desprestixiar a Oleiros completouno Abegondo. Coa colaboración dos medios de comunicación, sempre ao servizo dos que intentan desacreditar as políticas do Concello de Oleiros, estes tres alcaldes entoaron a mesma canción pero con fortes disonancias e matices con fixación na alcaldía oleirense. A falta

de gusto e de harmonía dos intérpretes, xunto co abuso de retrousos sen cuadratura rítmica, deixou-nos en evidencia no escenario comarcal. Oleiros non quere dirixir a banda, pero sempre está aberto a asesorar e dar clases de harmonía e entoación para poder crear todos xuntos a mellor composición para deleite e gozo da cidadanía.

O ridículo deste triunvirato chegou poucos días despois, cando na reunión de alcaldes celebrada para dilucidar que sucedía ante tanto anuncio de abandono, impúxose a cordura, a xustiza e o interese xeral dos municipios que defendía Oleiros. Ante as imposicións coas que se pretendía realizar a transformación obrigatoria do Consorcio en Mancomunidade, foron aceptadas todas as propostas e alegacións realizadas desde Oleiros. Haberá un sistema de votación xusto, proporcional ao peso poboacional e ás achegas económicas realizadas por cada concello; crearase unha comisión para liquidar o Consorcio e determinar o que sucederá co actual persoal; e as contas pasarán a estar controladas polo interventor municipal de Oleiros.

A política dos partidos, que cada grupo ten todo o dereito de exercer como considere oportuno, non se pode mesturar co pan de cada día da xestión dos concellos. Que a prestación de determinados servizos de maneira conxunta incide no beneficio xeral da cidadanía é unha verdade irrefutable: máis calidade a menos prezo. En vistas de que A Coruña continuará outra lexislatura máis pechada en si mesma e non será posible a curto prazo a creación da área metropolitana, a Mancomunidade nin debe nin pode agardar máis. Iso si, cumprindo as leis e con garantías de non dar pasos en falso.



O Concello investirá 6 millóns en obras e servizos ▼

■ *O rigoroso e eficiente traballo de xestión do Goberno municipal permite que o Concello dispoña duns remanentes económicos de 16.174.230,64 euros. As leis do Estado impedían a utilización deses cartos para a realización de obras e servizos necesarios no municipio. A loita emprendida desde Oleiros e outros municipios para a libre disposición deses fondos acabou por conseguir a modificación da denominada Lei Montoro, que castigaba a cidadanía de municipios saneados que se vían privados da realización de melloras públicas.*

◆ Empregando parte deses remanentes e o superávit de 1,8 millóns do exercicio 2020, o Goberno municipal acometerá diversas actuacións de interese xeral para os veciños e veciñas. O pleno aprobou a realización destes investimentos que se executarán ao longo dos exercicios 2021 e 2022.

■ Construción de campo de fútbol en Mera - 2ª fase	1.296.315,50 euros
■ Aparcadoiro no Monumento Natural – Canabal (expropiacións)	60.000,00 euros
■ Mellora da accesibilidade, seguridade viaria e mobilidade sostible	150.000,00 euros
■ Pintado e iluminación do aparcadoiro do pavillón da Rabadeira	12.916,27 euros
■ Senda costeira en Dorneda, desde Naval ata Canide (expropiacións)	140.000,00 euros
■ Pavimentación da rúa Marcial del Adalid, rúa das Palomas e ramal da rúa Portelo	215.366,76 euros
■ Reforzo do firme na avenida Che Guevara	400.594,76 euros
■ Construción de aparcadoiro en Bastiagueiro (zona estadio INEF)	453.815,81 euros
■ Substitución de colector de saneamento en Canide	200.000,00 euros
■ Reparación da rede de pluviais na rúa Bañil	18.272,65 euros
■ Paseo do rego de San Pedro - fase I	1.000.000,00 euros
■ Mantemento correctivo das instalacións eléctricas e gas no Concello	48.395,04 euros
■ Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública	100.000,00 euros
■ Acondicionamento da casa de madeira de Bastiagueiro	76.280,71 euros
■ Renovación da rede de abastecemento nas rúas Maside, Cascaxeira e Viravolta	447.351,53 euros
■ Reparación de emerxencia de colector de saneamento en Icaria	16.328,50 euros
■ Construción de columbarios nos cemiterios municipais	150.216,37 euros
■ Cambio de uso da Casa Echeverry	75.953,35 euros
■ Reparacións puntuais da rede de saneamento	39.282,88 euros
■ Construción de beirarrúas na rúa doutor Fleming	192.170,68 euros
■ Novo parque infantil en Mesón da Auga	71.950,50 euros
■ Ampliación e mellora do parque infantil da casa do pobo de Lorbé	69.525,00 euros
■ Reparacións de emerxencia das pluviais da casa do pobo de Nós	59.099,91 euros
■ Reparación de accesos no parque Nelson Mandela	74.845,00 euros
■ Construción de área de deporte urbano - parkour - en Bastiagueiro e ampliación da pista de skate	199.414,05 euros
■ Contratación do proxecto para un edificio multiusos en Bastiagueiro	150.000,00 euros
■ Renovación do pavimento da calzada de diversas rúas de Santa Cruz	129.143,60 euros
■ Control de calidade dos investimentos financeiramente sostibles	120.541,38 euros
■ Coordinación de seguridade e saúde	27.530,91 euros
TOTAL	5.995.311,16 euros

A Escola Municipal de Golf comezará o próximo curso ▼



■ Campo de prácticas rematado para a Escola Municipal

◆ O Concello está elaborando o convenio de colaboración coa empresa que xestiona o campo de golf de Xaz para o uso por parte do Concello dunha parte das instalacións, en concreto o campo de prácticas. A intención é crear unha escola de iniciación que permita poñer en coñecemento esta actividade deportiva.

Está previsto que a actividade comece a partir do mes de setembro e estará dirixida ao alumnado dos centros de ensino público. Para permitir a creación do campo de golf o Concello reservouse este dereito, entre outros, en escritura pública.

A contratación a segunda fase do novo campo de Mera ►

◆ Finalizaron as obras de construción do terreo de xogo e iluminación do novo campo de fútbol municipal de Mera, cun investimento de 939.011,50 euros. Nos vindeiros días procederase a licitar por 1.296.315,50 euros as obras da segunda fase, que consistirán na creación de gradas, vestiarios e urbanización interior do recinto con aparcadoiro. Esta instalación deportiva ocupa unha extensión de 16.000 metros cadrados.



Aprobado o proxecto para a construción do multiusos de Bastiagueiro ►

◆ O Goberno municipal aprobou no pleno do pasado mes de abril iniciar a redacción do proxecto para a construción dun edificio multiusos para actividades deportivas e culturais en Bastiagueiro, nos terreos de propiedade municipal que hai na zona do estadio do INEF e da pista de skate.

Este novo edificio tería unha capacidade de entre 1.500 e 2.000 persoas, para cubrir as actuais necesidades existentes no municipio dun recinto deste tipo para acoller espectáculos musicais, culturais e deportivos.

A construción desta instalación levaríase a cabo no ano 2022, unha vez se determine o custo total da obra segundo se especifique no proxecto.

Bosque de Xaz, outro gran parque natural público



◆ O Concello procedeu á limpeza de maleza e á eliminación de eucaliptos para favorecer a masa forestal autóctona do novo parque natural coñecido como Bosque de Xaz, que abrangue unha área de 180.000 metros cadrados. Este solo foi adquirido gratuitamente polo Concello a través do desenvolvemento da urbanización de Xaz.

Este novo pulmón verde municipal destaca pola súa diversidade. No seu interior poden atoparse distintas zonas, grazas á variedade de arboredo e ao nacemento dun dos ríos que desemboca no Porto de Santa Cruz.

Este parque natural linda pola súa parte baixa coa estrada Oleiros-Dorneda e chega ata a vía Ártabra.

Avanza a creación do paseo do rego de San Pedro coa adquisición do solo

◆ Un dos proxectos medioambientais máis importantes que ten planificados o Goberno municipal é o de recuperación do entorno do rego de San Pedro, desde Iñás ata o Seixal, para crear un paseo fluvial de 4 km. Para poder iniciar os trámites de contratación da obra, aínda que unha parte importante do solo necesario xa era propiedade do Concello, foi preciso adquirir 36.000 metros cadrados a 67 persoas propietarias por 476.964 euros.

Cambio de situación do parque infantil de Mesón da Auga ▼

◆ Atendendo ás demandas dos veciños e veciñas da urbanización Mesón da Auga, que trasladaron nunha reunión co alcalde a necesidade de tratar diversas melloras, o Concello trasladará o parque infantil situado na zona verde pegada ao río a unha parcela de propiedade municipal que se atopa na parte alta da urbanización. Neste novo espazo o parque ocupará unha maior superficie e contará con máis xogos.



Novo parque infantil ◀ no José Martí

Finalizaron as obras de creación dunha nova zona de xogos infantís no parque José Martí. O investimento total foi de **119.754,50 euros**.

Nova vía de acceso a Nós ▼



◆ Remataron as obras de creación dunha nova vía na rúa Anido, entre a urbanización Mesón da Auga e a rúa Manuel Murguía. Esta antiga corredeira converteuse nunha ampla calzada dotada de todos os servizos.

Na mesma zona, tamén están a finalizar as obras de asfaltado e renovación da rede de abastecemento de auga e eliminación de postes da calzada na rúa Manuel Murguía, desde a N-VI ao alto de Coroto. As obras teñen un custo de 199.553,20 euros.

Nova petición de mellora para a avenida Isaac Díaz Pardo ▼



◆ O Concello demandará unha vez máis á Xunta de Galicia a construción de beirarrúas na avenida Isaac Díaz Pardo, entre a urbanización Os Regos e Coruxo de Arriba. No seu día, o Concello realizara unha senda peonil pola marxe dereita dirección Santa Cruz que remata co paseo perimetral da urbanización.

Esta estrada conta cun importante tránsito de vehículos e peóns, polo que resulta necesario e urxente que a Xunta realice a creación de beirarrúas na marxe esquerda dirección Santa Cruz para mellorar a seguridade viaria. Para facilitar esta actuación, o Concello comprométese a poñer a disposición todo o solo necesario.

Renovación de beirarrúas nos Regos ▼



◆ Seguindo co traballo acometido en anos anteriores, estanse a realizar as obras de renovación de beirarrúas nas rúas Río Sar, Río Sil, Río Xallas, Río Miño e Río Tambre. Ademais vaise renovar o pavimento da rúa Río Xallas. O Concello inviste 275.000 euros nestas obras.

Finalizadas as beirarrúas entre Oleiros e Sada ▼



◆ Remataron as obras de creación de beirarrúas desde As Torres ata o linde con Sada. A Xunta realizou esta obra por tratarse dunha estrada da súa titularidade.

Municipalización do servizo de augas ►

Mellora da rede de abastecemento en Perillo

◆ Estanse a realizar estes días as obras de renovación das tubaxes de abastecemento de auga que van pola N-VI para incrementar o caudal. O investimento nesta actuación é de 198.127,88 euros. Coas obras de construción do túnel e rotonda en Sol y Mar, daráselle continuidade a esta obra que o Concello está a realizar e que mellorará e garantirá o servizo en toda a avenida das Marifías e nas rúas próximas.



◆ O Concello vai rescatar o servizo de abastecemento de auga aos domicilios. Para tal fin crearase unha empresa pública de titularidade municipal que xestionará este servizo. Está previsto que comece a funcionar no ano 2022.

O Concello segue a demandar un novo depósito en Nós ▼

◆ O Concello está a manter diversas reunións cos responsables de Augas de Galicia e Emalcsa, a subministradora da auga a Oleiros, para mellorar as actuais infraestruturas existentes coa creación dun novo depósito no alto de Coroto e a ampliación de colectores desde A Telva, en Cambre, ata Sarro. Estas obras virían a garantir a subministración de auga a diversas zonas tanto de Oleiros coma de Cambre. Tamén está a demandarse a ampliación das conexións cos depósitos subministradores que veñen de Bergondo, para que se garanta a entrada de auga por gravidade a Oleiros e Sada.

O Goberno municipal considera que este tipo de actuacións de interese supramunicipal, que ten que realizar a Augas de Galicia con Emalcsa, poderían financiarse cos fondos europeos que xestiona directamente a Xunta.

Recuperado o lavadoiro de Río da Loba ▼



◆ O Concello felicita ás veciñas de Oleiros pola iniciativa que tomaron de recuperar o lavadoiro de Río da Loba. A limpeza do entorno que realizaron estas mulleres e a retirada de escombros deixou ao descuberto un importante manancial. Ante esta iniciativa veciñal, o Concello culminou a restauración e recuperación deste fermoso lavadoiro.

En marcha as rehabilitacións dos lavadoiros de Coroto e Canide ▼



◆ O Concello segue a recuperar fontes e lavadoiros no municipio. Nestes momentos están a realizarse as obras dos de Coroto e Canide. Este último destaca polo seu importante caudal e a calidade da súa auga. Ademais atópase no bosque costeiro municipal situado entre Canide e Breixo.

A renovación completa da avenida de Santa Cristina en 2022 ▼



◆ O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, comprometeuse co alcalde, Ángel García Seoane, a realizar a obra de renovación completa da avenida de Santa Cristina. Por tratarse dunha vía provincial, será a Deputación a que financie integramente esta obra.

Nesta actuación está prevista a reurbanización total da rúa principal de Santa Cristina, incluíndo a renovación de beirarrúas, reordenación dos estacionamentos, pavimentación e iluminación. A Deputación, que xa está redactando o proxecto, agarda contratar a obra antes de que finalice o 2021.

O investimento nesta obra será superior a 1 millón de euros

Costas reparará a rampla de acceso á praia de Santa Cristina



◆ A rampla existente nun dos extremos da praia de Santa Cristina vai ser ampliada por Costas para facer máis seguro o acceso á praia. A petición do Concello, Costas realizará esta actuación.

O Concello non ten competencias para actuar nos desprendementos do Xunqueiro ▼



◆ As leis do Estado establecen que os concellos non teñen competencias para poder actuar na costa. Polo tanto, é a Administración central a que debe arranxar os graves desprendementos producidos na zona do Xunqueiro, en Mera. Esta actuación xa non admite máis demoras por parte da Administración do Estado.

Unha praza de Maianca levará o nome do canteiro Emilio Siso ▶

◆ O Concello dedicará unha praza a Emilio Siso Vecino, veciño da parroquia de Maianca que no seu día se formou como canteiro no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo e que acabou sendo un grande artista na talla da pedra.

Emilio Siso realizou gratuitamente para o Concello diversas obras esculpidas en pedra que adornan moitos lugares públicos de Oleiros: fonte e escalinata da igrexa de Liáns, as fontes e bancos da entrada da Casa do Concello, o monumento a Rigoberta Menchú, as fontes de Canabal e da Barreira, a perla na fronte de Mera, ... Ademais da súa obra, foi mestre no taller de cantería durante moitos anos ata que se trasladou a Asturias por asuntos persoais.

O Goberno municipal considera que persoas como Emilio Siso, que dedicou o seu tempo e a súa arte a engalanar espazos públicos do Concello, merecen ser recoñecidos e conservados na memoria dos veciños e veciñas de Oleiros.



Servizo Municipal de Emerxencias, 24 horas ao servizo de Oleiros ▼



■ *O Concello presta un importante servizo público de atención de accidentes e urxencias sobrevividas mediante o Servizo Municipal de Emerxencias. Con base nas instalacións do polígono de Iñás e dotado de todo tipo de material e vehículos, un total de 10 axentes forman o cadro de persoal municipal para atender accidentes, incendios, rescates no mar, inundacións, buscas de persoas desaparecidas, cortes de estradas, caídas de árbores...*

◆ Desde o pasado 1 de abril funciona de forma presencial as 24 horas os 365 días do ano (o servizo só era presencial de 8.00 a 22.00 horas e en dispoñibilidade de 22.00 a 8.00 horas). O Concello de Oleiros mellorou este importante servizo público co fin de continuar atendendo todas as urxencias que se presenten no municipio dunha forma aínda máis áxil e eficaz, sen ter que agardar polos bombeiros do parque comarcal que lle corresponde a Oleiros e que está situado en Arteixo. Nos desprazamentos pérdese un tempo moi valioso que pode resultar decisivo para atender danos persoais e materiais.



PROTECCIÓN CIVIL

Tamén desenvolve un importante labor a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Oleiros. En coordinación coa Policía Local, a súa participación resulta imprescindible para o correcto desenvolvemento de numerosos eventos que se celebran no municipio así como para axudar a garantir a seguridade cidadá noutras ocasións.

Conseguida a liña de transporte ao polígono de Iñás

◆ A Xunta de Galicia atendeu a petición realizada polo Concello de Oleiros de crear unha nova liña de transporte público que chegase ata o polígono de Iñás e que mellorase o actual servizo á capitalidade do municipio, mellorando tamén as conexións co IES Miraflores.

O percorrido que realizará o autobús será o mesmo que o que vén a Oleiros, pasando posteriormente polo IES Miraflores, rúa Fonte do Ouro, rúa Silvas, Carrefour, Arenaza, Decathlon, rúa Bergantiños, Royal Palace, Cristo Rei e A Cruz. Haberá 43 servizos semanais, 7 ao día de luns a venres e 8 os sábados, desde as 9:20 horas ata as 21.20 horas. Pode consultarse máis información sobre os horarios na web www.bus.gal.

Campaña de cooperación internacional con Cuba ▼

■ Centos de ONG e entidades sociais de todo o mundo están a apoiar a campaña internacional de cooperación con Cuba para poder conseguir xiringas coas que subministran a súa vacina contra a Covid-19. O criminal bloqueio perpetrado por Estados Unidos impide que os países nos que se producen xiringas llelas vendan a Cuba, que malia liderar a cooperación sanitaria mundial nos peores momentos da pandemia enviando médicos a diversos países do mundo agora sofre a insolidariedade e a infamia do Goberno dos Estados Unidos.

Os bloqueos MATAN



a túa
solidariedade dá VIDA

◆ Aínda que Cuba dispón das vacinas producidas no seu país, carece doutros elementos necesarios para a campaña de vacinación como xiringas ou frascos para os viais. Estes produtos están monopolizados por poucas empresas no mercado internacional, a maioría norteamericanas ou doutros países que debido ao bloqueio non comercian con Cuba. Tan só unha empresa china presentou unha oferta para a venda do material necesario (25 millóns de xiringas) a un prezo unitario de 8 céntimos as xiringas con agulla.

Está habilitada a conta bancaria solidaria do Concello de Oleiros para realizar doazóns económicas para a adquisición das xiringas. O número de conta é ES12-2080-0064-9830-4001-1138 e no ingreso debe figurar "xiringas" como concepto. Por cada euro achegado permítese a realización de 12 vacinacións. Esta é unha campaña realizada pola ONG Sodepaz.

O Goberno municipal reclama a liberdade da cooperante Juana Ruiz, detida ilegalmente por Israel



◆ Juana Ruiz Sánchez é unha cidadá española residente en Palestina desde hai máis de 35 anos que traballa como coordinadora de proxectos na organización sanitaria Health World Committees. O pasado 13 de abril foi detida e encarcerada polo Estado Israelí sen ningún cargo concreto.

Os responsables das detencións buscan demostrar algún tipo de delito vinculado co financiamento dos proxectos que realiza a Health Work Committees (HWC), a organización sanitaria na que traballa Juana, que realizou decenas de proxectos sanitarios e sociais. Son actividades como levar a prevención sanitaria ás aldeas de Cisjordania, vacinar as crianzas de Xerusalén Este, levar a saúde prenatal e natal ás mulleres de Cisjordania, realizar campañas de información e formación en innumerables cuestións relacionadas coa saúde, cos hábitos sanitarios ou coa prevención das enfermidades máis comúns na zona, atender gratuitamente o 40% dos seus pacientes nas 14 clínicas que ten a HWC polo territorio baixo a Autoridade Palestina e outras actividades polo estilo que, dificilmente, poderían considerarse sospeitosas de constituír ningunha clase de delito.

Apoio para as ONGD galegas en Centroamérica e na India

◆ O Concello de Oleiros apoiará os proxectos de catro organizacións galegas na India, Nicaragua, El Salvador e Guatemala, a través da súa participación no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A Asemblea Xeral da asociación municipalista deulle luz verde a un investimento de 99.813 euros para financiar estas iniciativas, no marco da convocatoria de subvencións para as ONGD.

A resolución aprobada contempla destinar 25.000 euros á intervención da Fundación Vicente Ferrer para facer efectivo o dereito á vivenda e ao saneamento de 34 familias rurais no distrito indio de Kurnool. A mesma contía recibirá Amigos da Terra para fortalecer a capacidade produtiva e a participación en nove cooperativas pesqueiras nicaraguanas, co fin de mellorar a xestión pública no Departamento de Chinandega. De idéntico orzamento disporá Solidariedade Internacional de Galicia para mellorar a educación nas comunidades indíxenas Ch'orti' de Guatemala, mentres que a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) obtén 24.813 euros para traballar con mulleres lideresas a prol da sustentabilidade ambiental en El Salvador. A maiores, realizaranse proxectos de cooperación directa con entidades de Mozambique e Guinea-Bissau e reservarase unha partida para axuda humanitaria.



Máis de medio millón de euros en axudas para 269 autónomos e microempresas de Oleiros ▼

◆ O Concello está a pagar estes días 541.500 euros ás pequenas empresas afectadas pola crise sanitaria que tiveron que pechar os seus establecementos polo estado de alarma, que sufriron importantes perdas ou que tiveron procesos de ERTE. As subvencións repártense en base aos criterios establecidos na convocatoria, unha vez que a documentación achegada certifique debidamente as perdas económicas e se comprobe que non existen débedas con ningunha administración pública. Esta convocatoria forma parte do Plan de Emprego Provincial da Deputación, que aporta o 80% dos fondos.

• PRESENZA SISTEMAS TECNOLÓXICOS, SL	3000 €	• BE FRIENDS ENGLISH ACADEMY, SL	2500 €	• JAVIER ANTONIO MAYO CORZO	1500 €
• POSTRES Y BEBIDAS SL	3000 €	• RAFAEL TALANCO PASTOR	2500 €	• BEATRIZ RODRIGUEZ PATIÑO	1500 €
• PUERTO DE LORBÉ SL	3000 €	• OLGA MENÉNDEZ MENA	2500 €	• MIGUEL JOSE BRANDARIZ LAREO	1500 €
• BURGUER LOS SERRANO, SL	3000 €	• NATALIA GARCÍA SÁNCHEZ	2500 €	• BERTA Mª BELLO ACCIÓN	1500 €
• RESTAURANTE CAMPING LOS MANZANOS	3000 €	• OSCAR MEDIN FIGUEROA	2500 €	• SIRA Mª CRESPO LOPEZ	1500 €
• GALISERVI SL	3000 €	• VICTOR MANUEL SENRA CARREIRA	2500 €	• ELENA LISTE QUINTELA	1500 €
• FUENTEULLA SL	3000 €	• VIRGINIA CORRAL ESCRIBANO	2500 €	• MARIA BELÉN BARBEITO RAMOS	1500 €
• DINAMO XESTIÓN DE ACTIVIDADES CULTURALES SL	2500 €	• RICARDO DA SILVA SANTOS	2500 €	• Mª TERESA VAZQUEZ YAÑEZ	1500 €
• ANTIQUO 1980, SL	3000 €	• JOSE ANTONIO ESCOLANTE SALGADO	2500 €	• SONIA OJEA CANDAME	1500 €
• PARRILLADA LA RAQUETA SL	3000 €	• DIANA LUISA LÓPEZ BELLO	2500 €	• NURIA NAVARRETE SÁNCHEZ	1500 €
• ACADEMIA HIPATIA, SC	2500 €	• MARIA SOUTO COSTOYA	2000 €	• JUAN MANUEL BARREIRO MATA	1500 €
• TROCONOR SL	3000 €	• LOMBOOK COLONIAL, SL	2000 €	• PATRICIA FERNANDEZ LONGUEIRA	1500 €
• EL MIRADOR DE SANTA CRISTINA SLU	3000 €	• MADERAS, METALES Y RITMO, S.L.U.	2000 €	• LORETO PEREZ GUIMAREY	1500 €
• TECNOLOGÍA AVANHM, SL	2500 €	• LUCÍA CRESPO MARTÍN	2000 €	• VANESSA MARTÍNEZ UGENA	1500 €
• BAIUCA UXES, SLU	2500 €	• Mª ENCARNACIÓN MURIAS TALADRIZ	2500 €	• SILVIA GARCIA SISO	1500 €
• XOSBERT PELUQUEROS,SL	2500 €	• JUAN JOSÉ BERMÚDEZ DÍAZ	2000 €	• YOHANNI DURAN GARCIA	1500 €
• QIU SHOPPING, SLU	2500 €	• FRANCISCO GARCIA FERREIRO	2000 €	• ANGEL MARQUES RIOS	1500 €
• PURA BRASA, SL	2500 €	• CONSTANTE AMOEDO BLANCO	2500 €	• XESÚS ANTÓN BELMONTE CRESPO	1500 €
• WALKIN & EATIN GALICIA, SL	2500 €	• RITA SUSANA BARBEITO REY	2000 €	• JAVIER RAMÓN RAMÓN	1500 €
• CARLOS CAPELAN Y OTRO, SL	2500 €	• Mª JOSE LEMA BARREIRA	2500 €	• FÁTIMA LEMA FAJARDO	1500 €
• LA CABAÑA DEL PESCADOR SL	3000 €	• CORNELIA JUANA PEETERS VERBRUGGEN	2500 €	• REMEDIOS COUTO PACHECO	1500 €
• BAIRES RESTAURACIÓN MT2017 SL	2500 €	• Mª ANGELES GOMEZ MARTINEZ	2000 €	• Mª ISABEL ROIBAL FATEIRA	1500 €
• DOLDAN Y COUTO, SL	2500 €	• RAQUEL RODRIGUEZ SEJO	2500 €	• JESUS OLIVEROS PENA ARAUJO	1500 €
• GAYOSO FABIA HOSTELERAS, SC	2500 €	• CARLOS CORDERO PEREZ	2500 €	• ROSA CERNADA FERNANDEZ	1500 €
• ANDURGAL, SLU	2500 €	• Mª VANESA PEREZ RIORTORTO	2000 €	• FATIMA BACELAR BERMUDEZ	1500 €
• MARTY STA.CRISTINA SL	2500 €	• KEILA MAGALLHAES MOURA	2000 €	• JUAN C. ALONSO GARCÍA-ARCICOLLAR	2000 €
• COCINAS, DECORACIÓN Y EQUIPAMIENTOS SL	2000 €	• MARGARITA RAMA PAIS	2500 €	• JOSE MANUEL MANTEIGA CACHEIRO	2000 €
• LODGES&CABANAS, S.L.	2000 €	• SOLEDAD FUENTES ESTETICA INTEGRAL, SL	2500 €	• CAROLINA FILGUEIRAS LOPEZ	2000 €
• ASADOR AIRE CRIOLLO, SL	2500 €	• NURIA HERNÁNDEZ BATLE	2000 €	• JOSE MANUEL VARELA REY	2000 €
• REBERTE, SC	2500 €	• BELÉN DÍAZ MELÉNDEZ	2000 €	• ALBERTO BARBEITO BARALLOBRE	2000 €
• PAZ ABAD PELUQUERAS, SC	2500 €	• MANUEL FRANCISCO MÍGUEZ PARDO	2000 €	• NATALIA VISOCKINA VISOCKINA	2000 €
• Mª CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	2500 €	• MONICA DIAZ CASTRO	2000 €	• DAVID LIÑARES MUIÑO	2000 €
• ROBERTO JOSÉ TORRES SANCHEZ	2500 €	• MARIA BELÉN BARES CASTAÑO	2000 €	• ALFONSO ORRO FERNANDEZ	2000 €
• MELANIA RODRIGUEZ MEIJIDE	2500 €	• JOSE AUGUSTO CARVALHO TAVARES	2000 €	• AUTOMÓVILES FERPE SL	1500 €
• ELENA CASTRO RUA	2500 €	• MARÍA MERCEDES SOTO PEREZ	2000 €	• ACADEMIA DE CONDUCTORES CANCELA SL	1500 €
• MARCOS GOMEZ LOPEZ-RIOBOO	2500 €	• JOAQUIN BELLO ARÉVALO	2000 €	• MOUNT N' BIKES SPORTS, S.L.U.	1500 €
• MARÍA SOL GIUGLIARELLI ARAUJO	3000 €	• BEGOÑA MARÍA RIO PEREZ	2500 €	• CLASSIC BAR, SL	1500 €
• JOSE ANGEL SEOANE BRAVO	3000 €	• MARIA NOVO MACÍA	2500 €	• PRODUCCIONES CORUÑESAS, S.L	1500 €
• MUNDOCIO AVENTURA CORUÑA, SLU	2500 €	• NUBERETA SL	1500 €	• LOS DESEOS DE EVA SL	1500 €
• DACARFA 2019, SL	2500 €	• HOTELGESTIÓN DEL NOROESTE, SL	1500 €	• 3 SALAS 3 LETRAS, S.L.	1500 €
• TARDE MÁGICA SL	2500 €	• LEDICIAS GALEGAS REST, SL	2000 €	• JIMENO Y BOUZA ESTUDIO MAS, S.C.	1500 €
• Mª SOLEDAD OTERO ASTORINO	3000 €	• ARGIA CENTRO DE ESTUDIOS	1500 €	• EVA Mª GUTIERREZ ALLER	1500 €
• CARLOS LAMAS ASOREY	3000 €	• A PARDELA, S.C.	1500 €	• JOSE MANUEL COTELO ZORRILLA	1500 €
• NATALIA VAZQUEZ ABAD	2500 €	• MARIA DOLORES FRESCO GUZMAN	1500 €	• MARÍA DOLORES ARES PEREZ	1500 €
• MERCEDES PASANDIN GONZALEZ	2500 €	• RODOLFO CAO VEGA	1500 €	• FERNANDO JOSÉ ESPANTOSO LESTÓN	1500 €
• MARÍA ANA CAMPO PIÑEIRO	2500 €	• MANUEL MARCIAL COSTA VAZQUEZ	1500 €	• LUIS MANUEL MARTINEZ CASAL	1500 €
• ALEJANDRO MOSQUERA VARELA	2500 €	• FERNANDO CONCHADO LOPEZ	1500 €	• GUILLERMO LOPEZ FERREIRO	1500 €
• MOVE & MIND STUDIO, S.L.	2500 €	• JOSE ANTONIO BARREIRO MATA	1500 €	• ANA MARÍA MALLO SANZ	1500 €
		• NATALIA GONZALEZ BRAVO	1500 €	• ANA MARÍA GARCÍA IGLESIAS	1500 €
				• SUSANA ARNEDO MARIÑO	1500 €

• CARMEN DOLORES LAGO TABEAYO	1500 €	• MANUEL ARTURO VILLARES OCHOA	1500 €	• DENIM MILK, S.L.	2500 €
• MARIA DOLORES PÉREZ GUNDIN	1500 €	• MARCOS ENRIQUE NUÑEZ NIÑO	1500 €	• MEMORIES ON WHEELS, S.L.	2500 €
• ANTONIA RIVAS OTERO	1500 €	• BEATRIZ OROSA GARCÍA	1500 €	• ALSOFER GESTION INMOBILIARIA, SL	2500 €
• PAULA HERRERO MERA	1500 €	• JUAN GABRIEL POSSE PARADA	1500 €	• RÓTULOS LA GRELA CORUÑA, S.L.	2500 €
• Mª ISABEL PEREIRAS TATO	1500 €	• HÉCTOR LORENTE IBAÑEZ	1500 €	• RESIDENCIA CANINA O LAR DO CAN, S.L.	2500 €
• ROI GROBAS ROCHA	1500 €	• ANDRÉS NOVO CASTRO	1500 €	• ANGEL MANUEL NEIRA RIOS Y OTROS, S.C.	2500 €
• MARÍA JOSÉ YAÑEZ LOMBARDÍA	1500 €	• BORJA AÑON MANTIÑAN	1500 €	• TANIA CASTRO FERNANDEZ	2500 €
• CRISTINA ULLA SANTISO	1500 €	• ANTONIO RODRIGUEZ MARTINEZ	1500 €	• CÁRNICAS HUNI 2007, S.L.	2500 €
• FRANCISCO JOSE MARTINEZ MATOS	1500 €	• MARÍA DEL MAR LAYA AGRA	1500 €	• GALITELCO, S.L.	2500 €
• ELIZABETH RODIL FAJARDO	1500 €	• RAUL DOURAL BARRAL	1500 €	• SKYLINE CONSULTING SOLUTIONS, S.L.	2000 €
• XABIER PEREZ GONZALEZ	1500 €	• ROBERTO BABÍO RIOS	2000 €	• PERILLONOVA, S.L.	2000 €
• MARÍA ALLER FERREIRO	1500 €	• ADKEL FASHION CONSULTING, SL	1500 €	• TALLERES BAO DACAL, SL	2500 €
• XOANA TERRO RAÑO	1500 €	• ANSOMA MONTAJES, SC	1500 €	• ANTONIO GUERRA FRAGA Y FCO MANUEL GUERRA SANCHEZ, S.C.	2500 €
• TANIA SANCHEZ PORTOS	1500 €	• ANTONIO MENDEZ MIRON	1500 €	• CONCEPCIÓN BECERRA PRADA	2500 €
• MERCEDES CALVO CALVO	1500 €	• HANS RICARDO TIESSEN PASTOR	1500 €	• JUAN MANUEL DIAZ LOPEZ	2500 €
• HECTOR DIAZ BALDOMIR	1500 €	• FRANCISCO JAVIER RIO MAHIA	1500 €	• CASILDA CONCHADO ÁLVAREZ	2500 €
• Mª TERESA GARCIA PAZOS	1500 €	• MANUEL QUINTANS PENAS	1500 €	• Mª PILAR MORENO ALVAREZ	2500 €
• Mª FRANCISCA TEMPRANO GARCÍA	1500 €	• MANUEL CARRO LOPEZ	1500 €	• ENRIQUE GARCÍA PAZOS	2500 €
• Mª DE LA CRUZ BRAVO FIGUEIRA	1500 €	• ANA Mª FERNANDEZ ROCA	1500 €	• MILAGROS PORTELA GARCÍA	2500 €
• PAULA LOPEZ CARBALLEIRA	1500 €	• JORGE CASTRO CARRIL	1500 €	• NATHALIE DEL VALLE SANTIAGO UZCATEGUI	2000 €
• LIN ZHOU	1500 €	• Mª LUZ IBAÑEZ GOMEZ	1500 €	• CERRAJERIA Y CARPINTERIA SEMPER, S.L.U.	2000 €
• XIAOCHUN ZHAO	1500 €	• LAURA DANA ZIRPOLI TESOURO	1500 €	• NEIRA, SC	2000 €
• YE CAJIAO	1500 €	• MARCO PARIS COSTAS	1500 €	• Mª GRACIELA BALAY GARCIA	2500 €
• TEJIE CHENG	1500 €	• FELIX LORENTE ORRO	1500 €	• LUCIA GUNTIN GARCIA	2000 €
• MARTHA VIRGINIA CONTRERAS SANCHEZ	1500 €	• VERUSCA ANGÉLICA FERNÁNDEZ GUTIERREZ	1500 €	• LISARDO VAZQUEZ ACEVEDO	2000 €
• KARINA DANIELA SEGURA	1500 €	• FELIPE HUMBERTO CORIA GONZÁLEZ	1500 €	• YU JAPAN	2500 €
• CHIRIPA PRODUCCIONS, SLU	2000 €	• LAURA VEGA SUAREZ	1500 €	• Mª LUISA HERRERO AÑÓN	2500 €
• JOSE JAVIER BECERRA CASTRO	2000 €	• ABELLÑAS, S.L.	3000 €	• ROBERTO FREIRE ANSEDE	2500 €
• ECUADOR PERILLO, SL	1500 €	• MILK FACTORY, S.L.	3000 €	• ANTONIO SEOANE CASAL	2000 €
• INMOSEGUR DORNEDA 2015, SL	1500 €	• FERNANDO OTERO LÓPEZ Y OTRO, S.C.	3000 €	• DIEGO TORRES PEIRO	2000 €
• DO & GO GESTIÓN, S.L.	1500 €	• A FACTORIA ECOLOXICA, S.L.	2500 €	• CARLOS SANCHEZ ROMERO	2000 €
• PEDRO RODRIGUEZ MAYO	1500 €	• ALBARARI, S.L.	3000 €	• SILVIA MÓNICA GIAMMATTEO	2000 €
• JOSE ALBERTO LORENTE IBAÑEZ	1500 €	• CAVAMONTES JAMONERIA, S.L.	3000 €	• SONIA Mª VILLAR BRANDARIZ	2000 €
• ENRIQUE LUIS FRANQUEIRA RAMALLO	1500 €	• COPIGAL, SL	3000 €	• JAIME VARELA PIÑAS	2000 €
• LUIS BARCIA OTERO	1500 €	• PIXELING, S.L.	3000 €	• JONATAN ÁLVAREZ SILVA	2500 €
• COVADONGA DÍAZ VARELA	1500 €	• DOMO FOTOGRAFÍA, SL	2000 €	• ENRIQUE YEBRA FERREIRAS	2000 €
• CELSO FERNÁNDEZ DOPICO	1500 €	• SABRIVIA, S.L.U.	2500 €	• ALBERTO DIAZ GARCIA	2000 €
• MARIA LEIVAS MAROÑO	1500 €	• ABRUÑEDO&BARCIA, S.L.	2500 €	• JUAN CARLOS SANCHEZ LOUREDA	2000 €
• IRIA LOPEZ GARCIA	1500 €	• SISOUSA, S.L.	2500 €	• Mª CRUZ GALEGO VARELA	2000 €
• CAMILO OTERO GARCIA	1500 €	• TALLERES DACRILAMO, S.L.	3000 €		
• Mª ELENA TABOADA LOPEZ	1500 €	• PARRILLADA AS RIBEIRAS, S.L.	2500 €		
• ANA ALVAREZ CHAPI	1500 €				

CONCENTRACIÓN EN APOIO Á HOSTALERÍA DE OLEIROS

■ De maneira totalmente arbitraria, sen respectar os seus propios indicadores mediante os que establecen os niveis de restricións por municipios, a Xunta de Galicia pechou a hostalería de Oleiros durante 2 semanas. Para denunciar esta situación, o Goberno municipal convocou unha concentración en Santa Cristina a raíz da cal a Xunta decidiu modificar a súa postura.



Concello e entidades sociais solicitan a medalla Emilia Pardo Bazán para Esther Pita

■ O Concello de Oleiros e 28 entidades veciñais, culturais e deportivas do municipio solicitaron á Xunta de Galicia a concesión da Medalla Emilia Pardo Bazán a título póstumo a Esther Pita Pita, en recoñecemento ás numerosas accións relevantes que levou a cabo ao longo da súa vida en prol da igualdade entre mulleres e homes. Esther Pita Pita foi alcaldesa de Oleiros entre os anos 1996 e 2003 e concelleira municipal desde o ano 1979 ata 2003.

◆ Esther foi unha precursora do feminismo e unha loitadora incansable polos dereitos das mulleres. Traballou sempre desde unha perspectiva de igualdade desde a participación cidadá, liderando o movemento veciñal en Santa Cruz e creando a asociación de veciños. Foi unha persoa transversal e polivalente, integradora e dinamizadora desde o compromiso e o corazón. Unha persoa xenerosa que sempre ofrecía o seu tempo e se desprendía dos seus bens para acadar a igualdade e o benestar de toda a cidadanía.

Sempre foi unha muller especialmente preocupada polas persoas maiores e desde a Concellería de Servizos Sociais desenvolveu un traballo moi importante, que aínda perdura e que é unha referencia máis alá de Oleiros. Ocupou a Alcaldía entre os anos 1996 e 2003, cando Ángel García Seoane foi inhabilitado polas pedras da praia de Santa Cristina. O seu compromiso co seu pobo sempre foi total e contribuíu ao progreso do municipio en todos os ámbitos.

A Medalla Emilia Pardo Bazán é o máximo recoñecemento da Xunta de Galicia ao labor das persoas que loitaron a favor da igualdade entre homes e mulleres para construír unha sociedade máis igualitaria baseada nos principios de igualdade, xustiza e solidariedade.

O centro de saúde de Oleiros contará cunha unidade de saúde mental ▼

◆ Tras numerosas peticións por parte do Goberno municipal ao Sergas, o Centro de Saúde da Covada pasará a contar nas próximas semanas cunha unidade de saúde mental. Para a prestación deste importante servizo serán destinados a Oleiros diversos profesionais como psiquiatra, psicólogo/a e traballador/a social, entre outros.

Desta maneira, numerosos veciños e veciñas que ata o de agora tiñan que desprazarse ata A Coruña para recibir este tipo de atención médica terán posibilidade de acudir a este tipo de consultas sen saír do municipio.

Novo punto de atención de Servizos Sociais no Torreón Bescansa ▼



◆ Na aposta por reforzar os servizos públicos e as políticas sociais en Oleiros, o Torreón Bescansa converteuse nun espazo de información e atención á veciñanza. Este centro permanecerá aberto de luns a venres, de 8:30 a 14:30 horas. Para acudir recoméndase solicitar cita previa a través do teléfono 981 610 000, aínda que tamén é posible dirixirse directamente a estas dependencias municipais.

As persoas maiores participan en rutas de sendeirismo polo municipio

◆ Dentro do programa de Envellecemento Activo, estanse a realizar rutas de sendeirismo guiado de carácter socio-cultural que teñen como obxectivo coñecer máis a fondo a historia, a cultura, as paisaxes e os camiños de Oleiros. Nas últimas semanas xa houbo saídas por Nós, Iñas e a zona norte. Aplicouse un estricto protocolo para asegurar o cumprimento de todas as medidas de prevención ante a COVID-19 e ter unha actividade totalmente segura.



As praias e a costa de Oleiros volven ser recoñecidas coas bandeiras azuis ▼



◆ As praias de Santa Cristina, Bastiagueiro, Naval, Mera e Espiñeiro volveron recibir a Bandeira Azul para este verán. A Costa Libre de Oleiros tamén foi recoñecida como sendeiro azul europeo. Oleiros destaca pola calidade das augas e a conservación e ordenación dos contornos da praias e de todo o litoral. Todas as praias do municipio están dotadas de múltiples servizos e equipamentos.

● SERVIZOS DE CALIDADE

Para garantir un axeitado funcionamento do municipio durante o verán, o Concello vese obrigado a reforzar e incrementar diferentes servizos e a contratar 60 persoas: 41 para o servizo de salvamento e socorrismo, 6 auxiliares de Policía, 5 brigadistas para prevención e extinción de incendios, 3 técnicas de turismo e 5 operarios para limpeza de praias. Os fondos recadados mediante a ORA permiten financiar o 40% de todos estes gastos extraordinarios estivais.



O alumnado do María Casares viaxará ás Cíes, a Corrubedo e á Costa da Morte como premio por reciclar plástico ▼



◆ Tomás López Vizcaíno, Roi Suárez López e Diego Vidal Gil, xunto coa profesora Consuelo Castro, desenvolveron unha iniciativa de reciclaxe para concienciar da súa importancia aos seus compañeiros e compañeiras que consistía en premiar cunha viaxe ás tres clases que máis plástico conseguisen recoller. Os primeiros clasificados son o alumnado de 2º A de bacharelato, que irán de viaxe ás Cíes; segundo foi 2º E da ESO, que terán unha viaxe ás dunas de Corrubedo; e terceiros foron os rapaces e rapazas de 1º A de bacharelato, que irán de excursión á Costa da Morte. As viaxes están financiadas integramente polo Concello.

O Consello Climático Xuvenil asesorará o Concello en cuestións medioambientais



◆ Vai constituírse un consello de mozas e mozos de entre 15 e 34 anos que asesorará o Goberno local en temas relacionados co medio ambiente. Habrá xuntanzas mensuais, coordinadas por persoal especializado, que dinamizará os encontros e guiará a mocidade para tomar distintos acordos. Este é un proxecto que se desenvolve a través do Fondo Galego de Cooperación e que finalizará cunha viaxe a Lisboa, nunha xuntanza conxunta con consellos climáticos xuvenís de toda Europa. Aqueles mozos e mozas que teñan interese en participar poden solicitalo a través do correo c.xuventude@oleiros.org.

Julia Benedetti participará nos Xogos Olímpicos de Toquio ▼



◆ A patinadora oleirense clasificouse para os xogos na competición internacional clasificatoria celebrada recentemente en Estados Unidos, onde ocupou a 13ª praza. Con tan só 16 anos, Julia Benedetti será a primeira muller española en competir en monopatín nunha olimpíada.

José Manuel Sánchez clasifícase para o Campionato de Europa de Piragüismo ▼



◆ Unha vez máis, o padexeiro José Manuel Sánchez competirá nesta gran cita internacional que terá lugar nos próximos días en Moscú. Sánchez conseguiu a clasificación, xunto co seu compañeiro Óscar Graña, logo de lograr o subcampionato de España de maratón na modalidade de C-2.

Manu Taibo volve arrasar no Campionato de España



◆ O patinador de Broño proclamouse novamente campión de España de patinaxe de velocidade. Ademais do triunfo en 15.000 metros eliminación conseguiu outras dúas medallas, unha prata en volta sprint e un bronce en 10.000 metros puntos.

Prata para Sabela Lage na Copa de España de Judo ▼



◆ Sabela Lage conseguiu chegar á gran final da Copa de España tras ganar todos os seus combates por Ippon, a máxima puntuación antes de finalizar o tempo. Na loita pola medalla de ouro foi derrotada pola actual campioa de España, á que se volverá enfrontar en xuño no Campionato de España júnior.

Tomás López, campión galego de pértega ▼



◆ O atleta oleirense Tomás López Vizcaíno conseguiu a medalla de ouro en pértega no Campionato Galego de Atletismo sub-20 en pista cuberta. Cun salto de 4,38 metros superou a todos os seus rivais e bateu a súa mellor marca persoal.

Bronce para os alevíns do Hóckey Oleiros no Campionato Galego ▼



◆ O equipo alevín do Club Hóckey Oleiros conseguiu a terceira posición no Campionato Galego. Malia quedarse ás portas de clasificarse para a gran final ao caer fronte ao Deportivo Liceo, no partido polo terceiro e cuarto posto, o club oleirense impúxose ao Ordes.

Pedro López gana o XXXI Tríatlon Concello de Oleiros



◆ O triatleta meracho Pedro López Otero foi o vencedor do tríatlon organizado polo Concello cun tempo de 1:11:58, sendo o máis rápido dos 100 deportistas participantes en completar os 750 metros de natación, os 21 km de bicicleta e os 5,5 km de carreira. En categoría feminina a gañadora foi Penélope Martínez Justo, de Arteixo.

Grandes resultados para o Voleibol Oleiros ▼



◆ Os cadetes do Club Voleibol Oleiros foron subcampións galegos e clasificáronse para o Campionato de España. As alevíns foron terceiras de Galicia, clasificándose tamén para o campionato estatal. O xuvenil ascendeu a Primeira e en infantís, cadetes e xuvenís femininas o club acadou a permanencia en Primeira.

Perillo e Mera triunfan nos campionatos de bateis



◆ As tripulacións absolutas feminina de Perillo e masculina de Mera destacaron nos recentes campionatos de España e Galicia de bateis. As mulleres de Perillo foron subcampioas galegas e cuartas a nivel estatal. Mera ocupou a quinta posición no campionato galego e a oitava no de España.

Jacobo Fiaño crea unha aplicación para mellorar os transplantes de ril ▼



◆ Este veciño de Dorneda recibiu o premio ao mellor traballo de fin de grao da Facultade de Informática da Universidade da Coruña por desenvolver unha aplicación coa que se pode decidir cal é o receptor máis axeitado nun transplante de ril. Mediante un cribado matemático, a aplicación creada por Jacobo Fiaño indica o nome dun paciente apto para recibir o transplante, facilitando así o traballo dos nefrólogos, que teñen a última palabra.

Irene Montero gana un prestixioso concurso de novela curta ▼



◆ A veciña de Santa Cruz Irene Montero Díaz ganou coa súa obra "Lúa Nova" o VIII Concurso Internacional de Novela Curta Cidade Centenaria de Ribeira. Esta obra é a primeira novela desta xornalista e destaca pola súa escrita fluída e fresca.

Entregados os premios do certame literario Descubrindo Oleiros ▼



◆ Amaya Seijo Ríos, Carmen de Santa Pau García, Pablo Rodríguez Gagino e Manuel Méndez Casal foron os gañadores do VII Premio Literario Descubrindo Oleiros. O auditorio das Torres de Santa Cruz acolleu a entrega deste certame co que se pretende promover o uso da lingua galega e dar a coñecer o municipio entre todos os rapaces e rapazas de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e de ESO.

Un mural de Emilia Pardo Bazán polo seu centenario



A artista Lidia Cao pintou a figura de Emilia Pardo Bazán nunha parede dunha vivenda de Santa Cruz, na avenida que leva o nome da escritora. Desta maneira o Concello de Oleiros pretende resaltar a importancia cultural desta insigne muller con motivo do centenario do seu pasamento.

O Concello organiza rutas de sendeirismo polos cantís de Loiba ▼



◆ O vindeiro sábado 19 de xuño continúa o programa *Andares por Galicia, A cultura da Natureza* co ruta Lariño a Muros por Monte Louro e Lagoa das Xerfas. Este programa está destinado a promover a convivencia e a socialización do grupo de participantes nun ambiente aberto e favorecer hábitos saudables de ocio no medio natural.

A camiñada a pé partirá do faro de Lariño e rematará no faro de Punta Queixal. A distancia a percorrer é de 19 km e está cualificada como de dificultade media.

As persoas interesadas en participar nesta excursión poden informarse na Fábrica, no 981-61-00-00 ou no correo electrónico r.caparros@oleiros.org.

Finde de lecer, actividades de ocio para persoas con diversidade funcional ▼

■ O Concello de Oleiros vai retomar o programa de ocio saudable dirixido a persoas con diversidade funcional. As actividades consistirán na realización de obradoiros, participación en xornadas de deporte adaptado, excursións ou roteiros, visitas a museos... e desenvolveranse as fins de semana, de xuño e xullo.

◆ O lecer é un dereito de todas as persoas, unha experiencia integral que contribúe á calidade de vida e que se debe ofrecer a todas as persoas sen discriminación. Tamén é unha área fundamental na calidade de vida tanto a nivel comunitario como persoal, xa que está ligado á satisfacción e ás emocións. A esencia do ocio é a liberdade: liberdade de escoller entre unha variedade de opcións e experiencias.

Para obter máis información sobre este programa, é posible dirixirse ao departamento de Servizos Sociais e Igualdade presencialmente, chamando ao 981 610 000 ou mediante o correo s.sociais@oleiros.org.



Inés Leivas, Pilar Pascual e Nerea Rodríguez gañan o I Premio TikTok ►

◆ Inés Leivas Alfonso, co seu vídeo *Avelino Díaz e a súa orixe*; M^a del Pilar Pascual Álvarez, con *O galego nos séculos XV, XVI, XVII e XVIII*; e Nerea Rodríguez Vázquez con *A Covid é a nosa Negra Sombra?*; foron as tres gañadoras do I Premio TikTok do Concello de Oleiros, organizado polo Servizo de Normalización Lingüística para fomentar o uso do galego entre o alumnado dos institutos. Inés Leivas recibiu o premio do público e Pilar Pascual e Nerea Rodríguez o que entregaba o xurado.

A mocidade recupera a convivencia nas casas da mocidade



● MOCIRADIO

De maneira mensual, estase a emitir un programa de radio realizado por un grupo de mozos e mozas. Trátase dun interesante magazine moi ameno, que tamén se emite en Radio Oleiros os sábados ás 16.00 horas.

PRÓXIMAS ACTIVIDADES ▼

- *Torneo League of Legends*: venres 4 de xuño, 17 horas, en liña
- *Exhibición de baile moderno*: sábado 5 de xuño, 20 horas, As Pedras
- *Obradoiro de cociña doce*: venres 11 de xuño, 18 horas, As Pedras
- *Mociradio*: sábado 12 de xuño, 11:30 horas, As Pedras
- *Teatro*: venres 18 de xuño, 20:30 horas, As Pedras
- *Sendeirismo por Monfero*: sábado 19 de xuño, 9:00 horas
- *Iniciación á produción musical*: venres 25 de xuño, 18:00 horas, As Pedras
- *Curso de primeiros auxilios*: sábados de xuño, As Pedras
- *Curso de mediadores de dereitos sexuais*: xuño e xullo, As Pedras

As Pedras ▼



Onde está?
• Onde está?



■ *Cada vez son máis os mozos e mozas que participan nas actividades que se organizan nos centros municipais de lecer das Pedras e de Santa Cruz. Ademais das actividades programadas, os rapaces e rapazas están a impulsar diversos proxectos moi interesantes.*



● VITAMINA XOVE


Un grupo de 6 mozos e mozas que acoden ás casas da mocidade acordaron repartir píululas de ánimo e apoio ao persoal dos comercios locais, supermercados e do centro de saúde de Santa Cruz. As mensaxes foron escritas nunhas papeletas e inseridas dentro dunhas píululas emulando un complemento vitamínico. Foron entregadas máis de 300 co lema "Cando pense que non saímos desta: lea a mensaxe deste medicamento e sorría un chisco".

Con esta acción pretendían realizar unha actividade para dar ánimos aos sectores profesionais do municipio que permaneceron abertos desde o inicio da situación sanitaria.

Máis información:

www.centrosmocidadeoleiros.wordpress.com
no **981 61 40 83**
e pix.aspedras@gmail.com

Santa Cruz ▼



Onde está?
• Onde está?



V FESTIVAL RÚA EXT-CÉNICA 2021 ▼

Venres 16

DANZA E CIRCO

• SU.MA

■ 19:30 h, na praza Esther Pita



IKIGAI

MÚSICA INFANTIL

• Marian Ledesma

■ 20:30 h, na praza Esther Pita



CONCERTO

• The Teta's Van

■ 20:30 h, na praza do Castelo



As prazas e parques énchense de cultura co Festival de Artes Escénicas na Rúa

■ Os días 16, 17 e 18 de xullo, terá lugar unha nova edición do Festival de Artes Escénicas na Rúa, máis coñecido como RÚA EXT-CÉNICA. Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do Concello servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas: música electrónica, circo, danza contemporánea, teatro de rúa..., que intentarán transformar a rúa nun escenario propicio onde provocar a interacción social co público asistente nun ambiente festivo.

Sábado 17

TEATRO

• Quixote

■ 12:30 h, na praza Esther Pita



DANZA E MÚSICA ELECTRÓNICA

• Pisando ovos

■ 21:00 h, na praza afundida



Domingo 18

CIRCO

• Wilbur

■ 12:30 h, no miradoiro de Santa Ana



DANZA CONTEMPORÁNEA

• Entremans, Exire, N+1 e Colectivo Glovo

■ 21:00 h, no parque José Martí



Concertos da Escola Municipal de Música por todo o municipio

◆ Desde principios do mes de maio e ata finais de xuño, os distintos grupos da Escola Municipal de Música están a actuar en parques e prazas do municipio. Trátase de concertos gratuítos e abertos que se celebran ao aire libre para cumprir estritamente coas medidas sanitarias.

BANDA MUNICIPAL

■ Sábado 19 de xuño,
ás 12:00 horas
Finca Tenreiro

ORQUESTRA DE CORDAS

■ Sábado 19 de xuño,
ás 19.00 horas
Teatro Colón

BANDA MUNICIPAL

■ Sábado 26 de xuño,
ás 12:30 horas
Parque As Trece Rosas

No caso de inclemencia meteorolóxica, as actuacións afectadas poderían trasladarse á pista polideportiva da II República (Perillo).



TRIBUNA ABERTA

▪ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

Criterios de prioridade na admisión de alumnado nos centros públicos

Estou totalmente de acordo en que debe haber unhas normas de admisión dos alumnos, pero as autoridades a quen lles corresponda legislar neste ámbito lles pediría que recapaciten no criterio de “Proximidade do domicilio familiar ao centro”. No cal, para cumprirse e acadar os seis puntos que supón, ten que ter a familia como mínimo un ano de antigüidade no Padrón. Isto visto así friamente, parece lóxico pois había pais que se empadroaban a última hora cerca do centro que máis lles interesaba, pero hai outros casos que non poden cumprir ese prazo de tempo por circunstancias sobrevidas, por exemplo, un neno que queda orfo dun pai e ten que mudarse ó domicilio dos avós porque o proxenitor precisa de axuda ó non poder conciliar os horarios escolares cos laborais, e outras circunstancias similares que non se poden predicir. Estes casos, deberían contemplalos como excepcionais, igual que cando chega unha familia de inmigrantes e os seus fillos dispoñen de prazas escolares sen cumprir o citado criterio, ou familias que por motivos laborais se ven obrigados a mudarse de domicilio e tampouco teñen problema ca praza escolar.

Señores da Consellería de Educación teñan sensibilidade, apoiem as familias que se ven nestes casos e cambien o criterio no citado punto.

Juan Miguel Vázquez Vázquez - Perillo

Por alusións

Na sección Tribuna Aberta do nº68 correspondente ao mes de xaneiro de 2021, don José Antonio Martínez escribe un artigo titulado “Ensino e democracia en Oleiros” no que trata como tema principal a “forzada dimisión” da directora do CEIP Luís Seoane de Mera. Ao final do artigo, o autor enmarca este feito co que el considera un contexto de “clara regresión democrática” nos últimos anos e que exemplifica coa selección da dirección do IES María Casares. Porén esquece o señor Martínez aportar unha serie de datos, absolutamente obxectivos, que poderían contribuír ao esclarecemento dalgunha das súas afirma-

cións. A saber: o primeiro mandato da directora dimisionaria do CEIP Luís Seoane de Mera foi froito dun nomeamento directo por parte do mesmo Servizo de Inspección que participou na selección da Dirección do IES María Casares, coa salvedade de que no caso do IES María Casares non procede dun nomeamento directo, senón dun proceso de selección que avaliou os méritos profesionais dos dous candidatos; por outra banda, tamén obvia mencionar o autor do artigo que o proceso de selección da dirección do IES María Casares está avalado por unha sentenza firme do Xulgado de Instrución nº3 de A Coruña.

En base a estes datos, sería razoable non dar a entender que a “regresión da democracia” consiste en que non se cumpran as expectativas e desexos de cadaquén.

Ángeles Balseiro Balseiro
(directora do IES María Casares)

Queremos internet

Como veciña de Lorbé quero manifestar o necesario que é na miña vida diaria o acceso a internet: por conciliación familiar case diariamente teletraballo e os meus fillos son estudantes. Unha situación moi habitual no día de hoxe, tamén entre as miñas veciñas e que deberían ser motivos máis que suficientes para poder ter un servizo de internet de calidade para as necesidades actuais.

Na miña casa págase un recibo mensual practicamente igual que aqueles que teñen internet de alta velocidade, pero a realidade é que contamos cun servizo nefasto que non me permite traballar coas condicións adecuadas. As culpables? As empresas que ofrecen os servizos parece que no seu día foron subvencionadas para extender a banda ancha por Lorbé, pero non chega a todos os veciños. Resulta lamentable que tras recibir unha subvención ninguén controle que se realicen os traballos e se permita o enriquecemento de empresas a costa de servizos que a xente non estamos a recibir.

A única axuda chega dende o Concello co cal estamos agradecidos porque son os únicos que se moven para intentar que se faga xustiza nesta situación.

S.G.L. - Lorbé

Marabillada

O pasado 30 de maio estaba de casualidade de paseo por Mera, e no parque da Lagoa encontreime cun concerto. Era a Escola Municipal de Música, a orquestra que teñen de cordas, formada por rapaces e rapazas moi novos.

A verdade que quedei abraida ante a calidade musical que amosaron. Unha auténtica maravilla, ademais nun marco maravilloso coa lagoa de fondo.

Despois de tanto tempo pechados e limitados, ver unha actuación deste tipo despertou en min unha gran ledicia. Noraboa a todos eses músicos e músicas!!!

Lucía T.F. - Iñás

Discriminación das persoas maiores residentes

Pregúntome se a resolución conxunta da Consellería de Sanidade e Política Social da Xunta, do 27 de maio, é de obrigado cumprimento. Non está publicada no DOG e o que é peor, nesa resolución faise unha clara discriminación das persoas usuarias de centros sociosanitarios de maiores (vacinadas desde hai meses), nos que se seguen perpetuando restricións de visitas e marcando un número determinado de horas de saídas. Tendo en conta a boa evolución de datos, queda recollida nesa resolución (punto 4º, páxina 2) que permitirase a saída con normalidade das persoas usuarias de centros para discapacitados, a condición de que pasasen 10 días desde a administración da segunda dose da vacina (o cal ademais de lóxico é desexable). Ninguén nos explica a diferenza de trato entre ambos colectivos, nin a necesidade de seguir alongando este tipo de restricións coas evidentes repercusións negativas que están a ter na saúde das persoas maiores residentes. Noutras autonomías isto estase xestionando doutra forma.

Xa é hora de que sexamos as familias as que determinemos que tipo de saídas necesitan os nosos maiores, en tempo, forma, segundo as súas patoloxías e seguindo todas as medidas de prevención e seguridade habituais, de igual maneira que xa se está facendo con outros colectivos.

Carmen Blanco

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EI A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES M ^a Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
M ^a José Trincado / Mera	981 628 507
M ^a José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201



37.509
habitantes empadroados/as!

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 2 de xuño

DEXO (Santa María)	1.447
DORNEDA (San Martiño)	3.622
IÑÁS (San Xurxo)	1.295
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.865
MAIANCA (San Cosme)	1.560
NÓS (San Pedro)	4.887
OLEIROS (Santa María)	3.212
PERILLO (Santa Leocadia)	8.994
SERANTES (San Xulián)	1.627

TOTAL 37.509

Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO



En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Aeroporto de Alvedro
981 187 200

Estación autobuses A Coruña
981 184 335

Estación FFCC San Cristovo
902 432 343

LORBÉ ■ O BURGO

2652

> SAÍDAS

Cal Pita - Eliseo Pita

REGRESOS <

LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121. Lorbé (Dexo) • Teléfono: 981 628 165 LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Centro comercial de Iñás) • Teléfono: 981 619 337 LAURA FREIRE QUINTAS Rúa Areal, nº 17, locales 2 y 3 (Perillo) • Teléfono: 981 305 417 SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1 (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027 MARTA VIGUERA MOSQUERA Rúa Miramar, nº 4. Mera (Serantes) • Teléfono: 981 617 937 JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 635 024 M^a ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247. San Pedro (Nós) • Teléfono: 981 663 890 FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 614 503 M^a TERESA LEMA ESPASANDÍN Avda. República Argentina, nº 95. Arillo (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440 MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Isaac Díaz Pardo, nº 4. Os Regos (Liáns) • Teléfono: 981 614 184 PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 923 845 PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16. Santa Cristina (Perillo) • Teléfono: 881 963 932 	<p>Do 11 ao 17 de xuño Do 3 ao 9 de setembro</p> <p>Do 18 ao 24 de xuño</p> <p>Do 25 de xuño ao 1 de xullo</p> <p>Do 2 ao 8 de xullo</p> <p>Do 9 ao 15 de xullo</p> <p>Do 16 ao 22 de xullo</p> <p>Do 23 ao 29 de xullo</p> <p>Do 30 de xullo ao 5 de agosto</p> <p>Do 6 ao 12 de agosto</p> <p>Do 13 ao 19 de agosto</p> <p>Do 20 ao 26 de agosto</p> <p>Do 27 de agosto ao 2 de setembro</p>
--	--

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	25 xuño / 24 xullo / 23 agosto
Mingua	2 xuño / 1 xullo / 31 xullo
Nova	10 xuño / 9 xullo / 8 agosto
Medra	17 xuño / 16 xullo / 15 agosto

A conexión da Ártabra coa AP-9, cada vez máis cerca ▼



◆ Están a executarse as obras de conexión da vía Ártabra coa AP-9, que van desde Iñás ata A Gándara. Unha vez finalice esta actuación de 4 km, a Ártabra terá plenitude de uso, mellorando extraordinariamente a comunicación viaria non só de Oleiros, senón tamén doutros municipios como Sada, Cambre ou Bergondo. Ademais, a existencia desta vía redundará na redución do tráfico da N-VI ao absorber unha cantidade importante de vehículos que a día de hoxe utilizan esa estrada para entrar na Coruña.

Malia os intentos localistas e partidistas de paralizar esta actuación por intereses persoais dun concelleiro de Cambre, impúxose a postura do Concello de Oleiros en defensa do interese xeral da cidadanía. O investimento nesta obra, que realiza a Xunta de Galicia, é de 40 millóns.



Aparcadoiro do Porto de Lorbé ►

O alcalde, nunha reunión coa conselleira do Mar, volveu solicitar a finalización do tramo da vía Ártabra que dá acceso ao porto de Lorbé. Ademais do acceso viario, tamén se crearía un aparcadoiro.

A Consellería debería contratar estas obras nun prazo breve de tempo. Os terreos necesarios xa foron expropiados hai anos e resulta inexplicable que a Xunta siga sen realizar esta obra, nun porto pesqueiro como o de Lorbé, que ten unha importante actividade pesqueira, acuícola e mexilloeira.